



PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL
SOBRE A REDUCCIÓN
E XESTIÓN DOS RESIDUOS
NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

CURSO 2025 - 2026

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA

A xestión dos residuos é un dos máis importantes e complexos retos ambientais a afrontar polos concellos. As solucións pasan principalmente pola correcta separación do lixo, para facer viable o seu correcto tratamento e evitar a escalada de custes, sendo necesaria por tanto a implicación dunha poboación informada e concienciada.

A Deputación de Pontevedra fai unha aposta clara pola colaboración cos concellos para afrontar os requirimentos da normativa e sociedade actuais.

Destinatarios principais do Programa:

- Comunidade educativa no seu conxunto:
 - Infantil
 - Primaria e secundaria
 - Profesorado
- Centros de ensino especial e Centros ocupacionais
- Poboación en xeral

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Concienciar á comunidade educativa da problemática dos residuos.
- Achegar coñecementos sobre os residuos urbanos.
- Capacitar para a acción na minimización e correcta separación e xestión dos residuos domésticos.
- Fomentar actitudes cívicas e de corresponsabilidade co medio social e natural.
- Complementar e reforzar a educación ambiental realizada polos propios centros, adecuando dentro do posible o Programa ás demandas e necesidades de cada centro.

✉ Para calquera dúbida sobre o presente programa, contactar en:

✉ ponteazero@gmail.com ☎ 986264193 - 665471192 - 986505180

CONTIDOS DO PROGRAMA

Actividades didácticas en centros de ensino

Realizadas no propio centro de ensino polo equipo didáctico de Ponte a Zero, coas adaptacións metodolóxicas oportunas segundo o nivel correspondente.

Solicitaranse cubrindo e enviando a ficha correspondente (véxase final do documento).

En todo caso, as actividades non terán custe para os centros.

- Exposición itinerante
- Formación do profesorado
- Actividades educativas para ensino infantil
- Actividades educativas para centros primaria e secundaria, ciclos formativos e bacharelato




NORMAS E CONDICIÓN DO PROGRAMA

- Cada centro de ensino deberá enviar **unha única ficha de solicitude**, indicando unha persoa responsable da xestión das actividades e a comunicación entre o centro e a coordinación do Programa. A maiores do teléfono do centro, se é posible, achegar un número móbil e os horarios de contacto.
- As actividades deberán solicitarse mínimo con 1 semana de antelación, indicando datas/meses preferentes, tendo en conta que as datas adxudicaranse en función da demanda e da dispoñibilidade.
- As actividades realizaranse preferentemente cun pequeno descanso entre as diferentes quendas, para que os monitores podan reorganizar o material e preparar todo para o grupo seguinte, excepto nas charlas que non é necesario. Este descanso pode ser o recreo.
- **É necesaria presenza docente** durante o desenvolvemento da actividade.
- O centro deberá comunicar a presenza de participantes con **necesidades especiais** para procurar adaptar as actividades para a integración de todo o alumnado.
- **Materiais:** a maioría dos materiais necesarios para o desenvolvemento das diferentes actividades serán proporcionadas polo equipo Ponte a Zero. Nalgúns casos pedirase ao centro e alumnado achegar certos materiais (indicados nas fichas), coa fin de implicar na reutilización e reciclaxe dos diferentes residuos.
- No caso de ser posible, agradecemos facilidade de praza de aparcadoiro no mesmo colexio para as/os educadores e o transporte de materiais.



Xornada de formación para o profesorado

- ♻️ **Contido:** Charla de formación e achegamento á xestión dos residuos e ao seu aproveitamento didáctico. Información xeral sobre as actividades do programa.
- ♻️ **Destinatarios:** Profesorado e ANPAs de todos os niveis educativos.
- ♻️ **Nº de participantes:** Sen límite, en función da capacidade da aula.
- ♻️ **Duración:** Entre 50 e 90 minutos.
- ♻️ **Necesidades de material do Centro:** Canón e ordenador. Aula axeitada ao número de participantes.
- ♻️ **Observacións:** Poderá realizarse de forma presencial ou online segundo a preferencia dos participantes.
- ♻️ **Guía de Recursos Bibliográficos:** Poderá solicitarse conxuntamente coa charla ou de maneira independente. Recursos técnicos de referencia dirixidos ao persoal docente sobre os residuos urbanos, ofertado polo Centro de Documentación "Domingo Quiroga". Pode descargarse na ligazon: <https://www.ceida.org/gl/biblioteca-e-documentacion/ponte-a-zero-guia-de-recursos-educativos-sobre-residuos-compostaxe-e>



Exposición didáctica itinerante

- 🔄 **Contido:** Composta por 11 paneis sobre os residuos e a súa xestión: a problemática do lixo, composición do lixo urbano, os tres R's, a compostaxe, o papel, o vidro, plástico e metais, residuos especiais (RAEE, pilas, aceites...), os puntos limpos, que podes facer ti?
 - 🔄 **Destinatarios:** Todo o centro de ensino
 - 🔄 **Nº de participantes:** Sen límite
 - 🔄 **Duración:** O período de préstamo inicial será dunha semana, podendo ampliálo no caso de estar dispoñible.
 - 🔄 **Necesidades de material do Centro:** Espazo libre para a instalación dos 11 paneis (1 m de ancho cada un) e espazo para a visita do alumnado.
 - 🔄 **Observacións:** A cesión será gratuíta, e será instalada polo equipo educativo aproveitando algunha das xornadas de actividades no centro de ensino.
- O centro de ensino responsabilizarase dos materiais da exposición durante o período de préstamo, así coma do cumprimento das bases de cesión.



Contacontos + Obradoiro: A Patrulla Reciclaxe

- ♻️ **Contido:** Proposta que combina narración oral e xogo cun sinxelo obradoiro para tratar a necesidade de coidar o planeta e a xestión dos residuos, afondado na redución, reutilización e reciclaxe do lixo. Os monicreques que se usan durante a narración están elaborados con material de refugallo. Con eles e co obradoiro final para realizar a nosa propia patrulla de reciclaxe, tentamos, ademais de afondar en temas medioambientais, espertar a creatividade e a curiosidade polo traballo manual e artístico entre os máis cativos.
- ♻️ **Resumo da narración:** Un día calquera, indo para o cole, Brais e Uxía escoitaron un murmurio que saía dos contedores do lixo. Que estaría pasando aí? Achegáronse sen facer ruído, puxeron a orella e... descubriron que os habitantes do lixo estaban organizándose para salvar o planeta. Queres descubrir os seus plans e formar parte da súa patrulla?
- ♻️ **Resumo do obradoiro:** Elaboración dun sinxelo monicreque dalgunha das personaxes da patrulla con material reciclado.
- ♻️ **Destinatarios:** Ensino Infantil (de 3 a 6 anos)
- ♻️ **Nº de participantes:** 20-25 por quenda (Máximo 2 quendas por día)
- ♻️ **Duración:** 50-60 minutos por quenda
- ♻️ **Necesidades de material do Centro:** É necesario que o alumnado aporte un rolo de papel hixiénico (para afondar na idea da reutilización do lixo) así como rotuladores e ceras para colorear.



Contacontos + Obradoiro: Aventuras dunha monda de pataca

- ♻️ **Contido:** Actividade participativa que explica dun xeito entretido e moi sinxelo o proceso de compostaxe e o traballo na horta a través da narración con manipulación de obxectos, xogos sensoriais e un sinxelo obradoiro.
- ♻️ **Resumo da narración:** Ola! Son unha monda de pataca. Crecín feliz nunha horta envolvendo a miña pataquiña xunto con outras patacas, leitugas, cebolas, algunhas árbores... Vivía tranquila baixo terra ata que un día unha man sacoume do noso fogar. Despois colleu un coitelo, separoume da miña querida pataquiña e tiroume ao lixo. Socorro! Pensei que a miña derradeira hora estaba a chegar e nunca máis volvería a ver a miña pataquiña, nin a miña hortiña. Pero pronto descubriría o equivocada que estaba: isto non era máis que o comezo dunha nova aventura.
- ♻️ **Resumo do obradoiro:** Sinxelo obradoiro no que elaboraremos miñocas con materiais sostibles e experimentaremos co seu movemento, para darlle protagonismo a eses seres aos que nos lles prestamos moita atención pero que son tan valiosos na horta.
- ♻️ **Destinatarios:** Ensino Infantil (de 3 a 6 anos).
- ♻️ **Nº de participantes:** 20 participantes por quenda (Máximo 2 quendas día)
- ♻️ **Duración:** 60 minutos por quenda.
- ♻️ **Necesidades de material do Centro:** Rotuladores.



Xogo: Xogo da miñoca

🔄 **Contido:** Actividade deseñada para abordar, de xeito lúdico e ameno e mediante xogo nun gran taboleiro, os conceptos básicos da xestión dos residuos, incluíndo aspectos como a recollida selectiva, fraccións dos residuos, etc).

Realízase unha pequena presentación previa en PPT sobre os residuos, seguida do xogo, no cal de forma colaborativa e non competitiva, con preguntas e pequenas probas as/os participantes deberán ir superando etapas para chegar a un “mundo sostible”.

🔄 **Destinatarios:** 1º ciclo de ensino primario.

🔄 **Nº de participantes:** 12/13 participantes por quenda (Máximo 2 quendas por día cun descanso entre as dúas).

🔄 **Duración:** 50 – 60 minutos por quenda.

🔄 **Necesidades de material do Centro:** Espazo amplo para a colocación do taboleiro do xogo. Canón e ordenador.



Obradoiro: Dando nova vida aos residuos

- 🔄 **Contido:** Logo dunha breve presentación sobre os tres R's, e a súa implicación na correcta xestión do lixo, realizarase un obradoiro de reciclaxe e reutilización de residuos domésticos. Faranse diferentes obxectos decorativos, xoguetes ou complementos persoais.
- 🔄 **Destinatarios:** 1º e 2º ciclo de primaria
 - Para 1º ciclo empregaremos caixas de ovos de cartón ou tubos de papel hixiénico.
 - Para 2º ciclo empregaremos tetrabrics e tapóns de plástico.
- 🔄 **Nº de participantes:** 12/13 participantes por quenda. Máximo 2 quendas por día.
- 🔄 **Duración:** 50 minutos por quenda.
- 🔄 **Necesidades de material do Centro:** Mesa para colocar o material. Canón e ordenador. Material de plástica. En cada caso indicárase material necesario para reutilizar.
- 🔄 **Observacións:** É importante facer grupos pequenos para o correcto desenvolvemento da actividade e garantir a participación de todos.



Charla - coloquio: Que facemos cos residuos?

♻️ **Contido:** Achegamento ao tema do lixo urbano (tipoloxía, volume, precaucións), a súa minimización e tratamento, así como pautas para unha correcta colaboración coa xestión.

Cada charla vai apoiada por material audiovisual e complementario.

♻️ **Destinatarios:** 2º, 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato, profesorado, ANPAs, público xeral.

♻️ **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula) por quenda. Consultar grupos de mais participantes. Poden realizarse varias quendas no mesmo día.

♻️ **Duración:** 50-60 minutos por quenda.

♻️ **Necesidades de material do Centro:** Canón e ordenador.



Obradoiro: Quen vive aí?

- ♻️ **Contido:** Coa axuda de material de aumento e ferramentas sinxelas realizarase a identificación de invertebrados presentes no composteiro, sinalando a súa función no proceso da compostaxe.
- ♻️ Igualmente sinalaranse os “intrusos”: aqueles potenciais materiais impropios (plásticos, envases...).
- ♻️ **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.
- ♻️ **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.
- ♻️ **Duración:** 50 minutos por quenda.
- ♻️ **Necesidades de material do Centro:** Mesa para colocar o material. Canón e ordenador.
- ♻️ **Observacións:** Esta actividade realizarase con prioridade nos centros que dispoñen de composteiro en funcionamento. **No caso de non dispor de composteiro debe ser indicado na solicitude.**





The infographic 'Quen vive aí?' displays the following organisms in a grid:

ANÉLIDOS	QUILOPODOS	ÁCAROS	COLEMBOLOS	LARVAS DE DIPTERO	DIPTEROS
PULMONADOS	DIPLOPODOS	OPILIONES	TISANUROS	LARVA DE COLEÓPTEROS	COLEÓPTEROS
HEMÁTODOS	ISÓPODOS	PSEUDO ESCORPIONES	DIPLUROS		DERMÁPTEROS
		ARAÑEIDOS	PROTURIOS		

Logos at the bottom of the infographic: Deputación Pontevedra, PONTE A ZERO, and CEIDA.

Charla + Asesoría: Introducción á horta escolar

🌱 **Contido:** Actividade teórico/práctica para impulsar e axudar a creación dunha horta escolar. Coñeceremos o tamaño da horta, bancais, orientación. Saberemos cales son os recursos básicos (sementes, plantas, auga, fertilizantes e ferramentas), cultivos e características do terreo. Calendario de plantación, asociacións e fertilizantes para enriquecermos o solo.

É unha explicación teórica na aula, podendo ir seguida de pequenas demostracións ou actividades prácticas.

🌱 **Destinatarios:** 2º, 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.


🌱 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

🌱 **Duración:**

- Opción 1: 50 minutos actividade teórica.
- Opción 2: 90 minutos actividade teórica e prácticas na horta do centro.

🌱 **Necesidades de material do Centro:** Mesa, canón e ordenador.

🌱 **Observacións:** A opción 2 garante tempo para as actividades prácticas ou demostracións. ***Non se realiza a montaxe da horta, pero ofrecemos asesoramento por teléfono ou Email durante o curso lectivo.***



Charla + Obradoiro:

Residuos Con-Ciencia – Reciclaxe de aceite para facer xabón

♻️ **Contido:** Actividade teórico-práctica. Charla seguida dun obradoiro no que o educador coa colaboración do alumnado fai unha demostración da reciclaxe de aceite usado realizando xabón artesanal, do que cada participante levará a súa mostra.

O residuo do aceite precisa dunha recollida específica, evitando os problemas que causa cando se mestura con outras fases, xa sexa nos biorresiduos, fracción resto ou, peor aínda, nas augas residuais.

A actividade aborda o aceite dende unha perspectiva química, fisiolóxica (como alimento) e económica (como materia prima), insistindo no seu correcto manexo.

♻️ **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

♻️ **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

♻️ **Duración:** 90 minutos por quenda.

♻️ **Necesidades de material do Centro:** 1 litro de aceite usado e filtrado por cada quenda/aula. Mesas para a colocación do material, toma de auga, canón e ordenador.



Charla + Obradoiro:

Residuos Con-Ciencia – Limpadores ecológicos

🌱 **Contido:** Actividade teórico-práctica. Charla seguida dun obradoiro no que elaboraranse limpadores e entregaranse receitas para substituír algúns dos produtos comerciais por preparados naturais a base de plantas e esencias, vinagre e bicarbonato, entre outros, ao tempo que se traballan e conceptos básicos de química, fisioloxía e ecoloxía.

O armario de produtos de limpeza e drogaría na nosa casa adoita ser un auténtico arsenal químico, con capacidade de provocar danos na nosa saúde e ao medio ambiente.

A actividade achega capacidades para realizar mellores escollos neste ámbito e pautas de manexo, evitando accidentes e intoxicacións.

🌱 **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

🌱 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

🌱 **Duración:** 50 minutos por quenda.

🌱 **Necesidades de material do Centro:** Mesas para a colocación do material, toma de auga, canón e ordenador.



lóxico	natural	CONSEJOS
Limpador hogar	Vinagre	Contiene ácido acético que reduce y corta la grasa, es descalcificador, desinfectante y desodorizante. ¿Que puedo limpiar? Azulejos, cerámica del metal, col, cristales, frigorífico, parquet.
Limpador amoniacal	Limon	Contiene ácido cítrico, aceites esenciales y bioflavonoides. Es abundante y quita las manchas. ¿Que puedo limpiar? Cubiertas de aluminio, manchas amarillentas de la bañera, latas.
Limpador con biocetanol	Jabón natural	Es una mezcla natural cuya receta es fácil de realizar, se degrada fácilmente y no es tóxica. ¿Que puedo limpiar? Cualquier superficie. Puede ser la base de un ecolimpador.
Limpio cristales	Alcohol	Es un buen limpiador, seca superficies rápidamente y es desinfectante. ¿Que puedo limpiar? Espejos, manchas en la madera, manchas de tinta, fotos, cristales.
Espuma limpieza en seco	Bicarbonato sódico	Es un limpiador eficaz, solo o combinado con alguno de los productos anteriores. ¿Que puedo limpiar? Fregaderos, azulejos, alfombras (verter, dejar actuar dos horas y retirar con el aspirador), manchas de sudor en la ropa, metales (mezclado con sal comestible, neveras).
Limpio metales	Potato	Contiene almidón, sustancia orgánica que constituye la reserva de algunos vegetales. ¿Que puedo limpiar? Su agua de cocción se utiliza para limpiar la plata, el almidón caliente absorbe las manchas de aceite, con vinagre y trozos de patata se limpian fierros.

Charla + Demostración:

Residuos Con-Ciencia – Ciclo da auga e depuración

Contido: Actividade teórico-práctica. Charla seguida da demostración do funcionamento dunha EDAR.

Visión global do ciclo da auga e as súas alteracións, achegando pautas e ideas para contribuír á súa correcta xestión dende o ámbito cotiá. Apoiado por pequenas demostracións para ilustrar os principios descritos.

A maqueta da EDAR axuda a visualizar e entender a complexidade destas instalacións e dos procesos implicados: filtración, flotación, sedimentación, floculación.

Destinatarios: 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

Nº de participantes: 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

Duración: 50 minutos por quenda.

Necesidades de material do Centro: Mesas para a colocación do material, toma de auga, canón e ordenador.



Charla + Obradoiro:

Residuos Con-Ciencia – Microcompostaxe na aula

♻️ **Contido:** Actividade teórico-práctica que permite visualizar e entender conceptos e procesos, tanto físico-químicos como biolóxicos, relacionados cos residuos urbanos.

Charla seguida dun obradoiro práctico no que o educador coa colaboración do alumnado constrúe un pequeno composteiro para observar a evolución do mesmo (medición de diferentes parámetros: volume, masa, temperatura) durante varias semanas na aula.

♻️ **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

♻️ **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

♻️ **Duración:** 50 minutos por quenda.

♻️ **Necesidades de material do Centro:** Mesas para a colocación do material, canón e ordenador.



Charla + Obradoiro:

Residuos Con-Ciencia – Experiencias co pH do solo

🔄 **Contido:** Actividade teórico-práctica que permite visualizar e entender conceptos e procesos, tanto físico-químicos como biolóxicos.

No desenvolvemento da actividade analizaranse os parámetros para coñecer a calidade do solo, o seu pH e as opcións de cultivo mais axeitadas segundo a tipoloxía de cada un e os aportes de compost.

Exposición teórica na aula seguida dun experimento práctico de medición do pH de diferentes tipos de solo.

🔄 **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

🔄 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

🔄 **Duración:** 50 minutos por quenda.

🔄 **Necesidades de material do Centro:** Mesas para a colocación do material, canón e ordenador.



Charla + Obradoiro:

Resíduos Con-Ciencia – Manexando o composteiro

🔄 **Contido:** Actividade teórico-práctica que axuda a capacitar para o manexo dun composteiro común domiciliario, ao tempo que aproveita para abordar, de xeito práctico e ameno, aspectos básicos de física e química, microbioloxía e zooloxía.

A compostaxe permite a transformación ordenada dos biorresíduos nun valioso substrato para hortas e xardíns, sempre que se sigan unha serie de instrucións e procedementos.

Exposición teórica na aula seguida dun obradoiro práctico no composteiro do centro de ensino.

🔄 **Destinatarios:** 1º, 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

🔄 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

🔄 **Duración:** 50 minutos por quenda.

🔄 **Necesidades de material do Centro:** canón e ordenador.

🔄 **Observacións:** Esta actividade realizarase nos centros onde existe composteiro instalado, **non se realiza a montaxe de novos composteiros.**



Charla - coloquio: Evitando o estrago alimentario

🔄 **Contido:** Charla con apoio de proxección e elementos de mostra. Achegamento a este grave problema, as súas causas, e implicacións ecolóxicas, sociais e económicas.

Pautas de acción no ámbito persoal e colectivo.

🔄 **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

🔄 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 3 quendas por día.

🔄 **Duración:** 50 minutos por quenda.

🔄 **Necesidades de material do Centro:** Canón e ordenador.



Obradoiro + Asesoría: Ecoauditoría do centro de ensino

🔄 **Contido:** Coa axuda do alumnado e profesorado procederase á revisión e avaliación dos sistemas de recollida e xestión de residuos no centro: recollida selectiva, papeleiras e colectores, composteiro.

De modo complementario, daranse propostas de mellora noutros aspectos con incidencia ambiental: auga, enerxía, ruído, espazos verdes e paisaxismo, presenza de biotopos, redución de impactos das aves... Achegando suxestións de solución asumibles en tempo e custe.

🔄 **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.

🔄 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.

🔄 **Duración:**

- Opción 1: 50 minutos actividade teórica (explicación de como facer a ecoauditoría).
- Opción 2: 90 minutos actividade teórica e práctica (explicación e recollida de datos do centro asesorando sobre a súa continuidade).

🔄 **Necesidades de material do Centro:** Canón e ordenador.

🔄 **Observacións:** É precisa a colaboración da dirección do centro para coñecer os consumos e datos sobre a xestión dos residuos.

No caso da Opción 2 a parte práctica é una primeira recollida de datos, o proceso completo ten que facerse posteriormente no centro entre o alumnado e o profesorado. É una actividade para desenvolver ao longo do curso escolar.



Obradoiro: Os Microplásticos

- 🔄 **Contido:** Charla inicial sobre a problemática xeral dos microplásticos, tanto fibras e esferas coma procedentes da fragmentación de plásticos convencionais, e a súa penetración nos ecosistemas e cadea alimentaria. A parte práctica consiste na análise visual, coa axuda de lupas de man e lupas binoculares, dunha mostra de terra ou area do propio xardín ou patio do centro escolar, avaliando a posible presenza de microplásticos, a súa orixe e tipoloxía.
- 🔄 **Destinatarios:** 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.
- 🔄 **Nº de participantes:** 25 (1 grupo/aula). Máximo 2 quendas por día.
- 🔄 **Duración:** 50 minutos por quenda.
- 🔄 **Necesidades de material do Centro:** Mesas para a colocación do material, canón e ordenador.





PROGRAMA PONTEAZERO CURSO 2025-2026
FORMULARIO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Centro			
Localidade			
Persoa de contacto		Cargo	
Teléfono de contacto		Mail	
Observacións			
Horario do centro e horario de recreos			

Actividade solicitada	Curso	Nº participantes	Datas preferentes

Eu ⁽¹⁾, _____
en calidade de ⁽²⁾, _____
do Centro antes citado, e na data indicada, confirmo a solicitude desta actividade.

Asinado

Data: _____

⁽¹⁾ Nome e apelido do que fai as veces de representante/interlocutor da entidade para esta comunicación

⁽²⁾ Cargo que ocupa: Director, Secretario, Coordinador, Orientador, Profesor da materia, etc.